



Pontevedra, 17 de decembro de 2009

A APDR apoia, xunto a outros colectivos sociais, políticos e sindicais pontevedreses, a concentración que terá lugar este venres ás 19:30 en Pontevedra polo dereito de autodeterminación do Sahara Occidental e pola volta de Aminatu Haidar a El Aaiún.

Na Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra entendemos que a situación actual en torno á activista saharauí Aminatu Haidar requir dunha resposta social ampla, que poña de manifesto a nosa solidariedade coas manifestacións pacíficas polo dereito á autodeterminación, que exprese dunha maneira clara que non estamos dispostos a tolerar as continuas violacións dos dereitos humanos por parte do goberno de Marrocos, e que amose a nosa indignación de maneira que Haidar poida voltar o antes posíbel ao Sahara nas condicións esixidas.

Saúdos cordiais,

María Peón

Secretaria da APDR